Concello de Vilagarcía de Arousa

Economía Sostenible

RESOLUCIÓN DE LA ALCALDIA

Sra. Alcaldesa – Presidenta

Dª. María Dolores García Giménez

De conformidade co establecido na Lei 30/2007 do 30 de Outubro de Contratos do Sector Público, no Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio e no Real Decreto Lei 13/2009 do 26 de outubro, iniciouse procedemento de licitación para a adxudicación do servizos consistente na Asistencia Técnica para a redacción do proxecto técnico básico e de execución (incluído estudio de seguridade e saúde), e dirección de obra da "Rehabilitación del edificio del balneario para Centro de Formación y Empleo", financiado polo «Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad-Gobierno de España»

Visto o expediente incoado con motivo da contratación do servicios de referencia mediante procedemento negociado sen publicidade e tramite urxente, dividido en dous lotes e co seguinte presuposto de licitación:

Lote 1: Redacción do proxecto básico e de execución (incluído estudio de seguridade e saúde)

Orzamento de licitación	**Sen IVE** 27.349,70€	**IVE** 4.375,95€	**TOTAL** 31.725,65€

Lote 2: Dirección de obra por arquitecto/a:

Orzamento de licitación	**Sen IVE** 15.975,50€	**IVE** 2.556,08€	**TOTAL** 18.531,58€

Con data 5 de marzo de 2010 adxudicouse provisionalmente á empresa A.B. Arquitectura, S.L.P. o contrato de referencia.

Unha vez rematado o prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación da adxudicación provisional no perfil de contratante, e presentada polo adxudicatario provisional dentro de dito prazo a documentación indicada na cláusula 13.10 dos prego de cláusulas administrativas particulares, sendo a mesma correcta.

En consecuencia, esta Alcaldía, de conformidade co artigo 135.4 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público y a súa disposición final segunda, vista a Resolución da Alcaldía 29 de xullo de 2009, pola que se delegou na Xunta de Goberno Local distintas competencias en materia de contratación e avocando puntualmente a competencia, delegada na Xunta de Goberno Local, por motivos da urxencia regulada para os expedientes do Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local no Real Decreto Lei 13/2009,

RESOLVE

1.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de servizos consistente na Asistencia Técnica para a redacción do proxecto técnico básico e de execución (incluído estudio de seguridade e saúde), e dirección de obra da "Rehabilitación del edificio del balneario para Centro de Formación y Empleo", financiado polo «Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad-Gobierno de España», á empresa A.B. Arquitectura, S.L.P., conforme a súa propia oferta, é dicir por un prezo de 43.325,20€ (sen IVE), o que lle corresponde un IVE de 6.932,03€, totalizándose a oferta en 50.257,23€ IVE incluído (cincuenta mil douscentos cincuenta e sete euros con vintetrés céntimos), con cargo a partida 242-62201 do presuposto ordinario do Concello, cun prazo de execución para a redacción do proxecto de 30 días; sendo a duración da asistencia técnica correspondente á Dirección de Obra ó da duración da execución desta, de conformidade coa súa propia oferta e coa seguinte desagregación:

Redacción proxecto (incluído estudio de seguridade e saúde) básico e de execución	**Dirección de Obra**
Sen IVE.- 27.349,70€	Sen IVE.- 15.975,50€
IVE.- 4.375,95€	IVE.- 2.556,08€
Total IVE incluído.- 31.725,65€	Total IVE incluído.- 18.531,58€

2.- Notifíquese a presente resolución ós licitadores e publíquese no perfil do contratante.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa, a dezaoito de marzo de dous mil dez, ante mín, Secretaria Xeral que tomei razón.

Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa ALCALDIA

Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa SECRETARIA